

MATERIA
Xestión e Márketing

TITULACIÓN
Grao en Óptica e Optometría

unidade
didáctica
7

A contorna das decisións financeiras

Patricia Mañá Fosado

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2023

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

<https://www.usc.gal/publicacions>

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679673>

MATERIA: Xestión e márketing

TITULACIÓN: Grao en Óptica e Optometría

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

PARTE I. INTRODUCCIÓN AO MÁRKETING

Unidade I. Introducción e concepto de márketing

Unidade II. Análise do mercado, competencia e comportamento do consumidor

Unidade III. A política de produto e servizo

Unidade IV. A política de prezos

Unidade V. A política de distribución comercial

Unidade VI. A política de comunicación ou promoción comercial

PARTE II. XESTIÓN FINANCEIRA

Unidade VII. A contorna das decisións financeiras

Por que estudar finanzas?

Conceptos de investimento e financiamento

As grandes áreas das finanzas

Decisións financeiras das empresas

Decisións financeiras dos individuos

As operacións financeiras. Definición, elementos e clasificación

Os principios financeiros fundamentais

Unidade VIII. A función financeira na empresa

Unidade IX. O valor do diñeiro no tempo

Unidade X. As operacións de investimento na empresa

Unidade XI. As operacións de financiamento na empresa

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

COMPETENCIAS

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

CONTIDOS BÁSICOS

1. Por que estudar finanzas?
2. Conceptos de investimento e financiamento
3. As grandes áreas das finanzas
4. Decisións financeiras das empresas
5. Decisións financeiras dos individuos
6. As operacións financeiras. Definición, elementos e clasificación
7. Os principios financeiros fundamentais
 - 7.1 Comportamento financeiro egoísta
 - 7.2 As dúas caras da transacción
 - 7.3 Sinalización
 - 7.4 A conduta financeira
 - 7.5 Ideas valiosas
 - 7.6 A vantaxe comparativa
 - 7.7 Valor da opción
 - 7.8 O fluxo de caixa incremental
 - 7.9 Binomio rendemento-risco
 - 7.10 A diversificación
 - 7.11 Eficiencia do mercado de capitais
 - 7.12 O valor temporal do diñeiro

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

A unidade didáctica «A contorna das decisións financeiras» pertence á materia Xestión e márketing. É unha materia optativa de cuarto curso do Grao en Óptica e Optometría, cunha carga lectiva de 4,5 créditos ECTS durante o primeiro semestre.

Como unidade de apertura do segundo bloque de coñecementos, ten carácter introdutorio e pretende asentar as bases financeiras coas que traballar nas unidades didácticas seguintes.

A importancia desta unidade didáctica e, por conseguinte, das que conforman o bloque dous, radica na necesidade de formar e informar o colectivo universitario con ferramentas financeiras útiles para o desenvolvemento persoal e profesional. Trátase de adquirir un coñecementos mínimos que permitan mellorar a súa xestión financeira.

OBXECTIVOS

Esta materia constitúe unha aproximación ao ámbito da economía da empresa dende unha perspectiva práctica, que vai permitir ao alumnado o manexo de conceptos de márketing e finanzas e o coñecemento do contido da xestión de empresas.

O obxectivo xeral do bloque referente á xestión financeira permite coñecer os fundamentos da dirección estratéxica e aplicar as técnicas de xestión ao mercado. En concreto, a presente unidade didáctica permite acadar os seguintes obxectivos específicos:

- Determinar a importancia das finanzas como disciplina de estudo.
- Coñecer e identificar os campos de traballo que conforman as finanzas.
- Diferenciar as decisións de investimento e financiación dende unha perspectiva empresarial e individual.
- Saber definir e identificar as operacións financeiras.
- Coñecer os grandes principios que rexen as finanzas.

COMPETENCIAS

Coa disciplina así organizada e cos obxectivos que se deben alcanzar ao finalizar a unidade didáctica o alumnado debe ver melloradas as seguintes competencias definidas no plan de estudos do Grao en Óptica e Optometría:

- CB1 Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
- CT6 Que adquiran capacidade de xestión da información.
- CT8 Que adquiran capacidades na toma de decisións.

CT16 Que o estudante sexa capaz de realizar unha aprendizaxe autónoma.

CT22 Que estean motivados pola calidade.

CE5 Que o alumno sexa capaz de emitir opinións, informes e peritaxes cando sexa necesario.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Respectando o modelo do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), a comprensión da unidade didáctica pasará pola combinación de clases de taboleiro en grupo grande e clases de laboratorio en grupo reducido.

En concreto, dedicaranse dúas horas de expositiva e unha hora de interactiva en aulas tradicionais. Nas primeiras, a persoa docente explicará os contidos teóricos; animando ao alumnado á participación activa mediante resolución oral e ao azar de preguntas docente-alumnado e deixando marxe a dúbidas. Ademais, ao longo da sesión, expoñeranse pequenos supostos de clasificación para que o estudante resolva individualmente (entrega escrita en papel para control de asistencia). Na segunda, facendo emprego do método de elaboración por descubrimento, de forma autónoma e individualmente e/ou en grupos aleatorios dun máximo de tres persoas, os asistentes deberán buscar casos reais a través da rede e expoñelos de forma razoada ante a sala.

As mencionadas sesións, que requirirán o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) propias de cada estudante, serán complementadas con titorías en grupo reducido e o uso do Campus Virtual (ferramenta empregada para compartir o material mínimo de estudo, propiciar o debate en foros e compartir novas de actualidade vinculadas coa disciplina).

CONTIDOS BÁSICOS

1. Por que estudar finanzas?

Con independencia do enfoque profesional de calquera individuo, é imprescindible que este conte cunhas nocións básica no ámbito das finanzas. Isto é así xa que as decisións monetarias forman parte do seu día a día, tanto directa como indirectamente.

Como paso previo á numeración dos diferentes aspectos que reflicten a importancia das finanzas, compre saber que estamos falando. Que son as finanzas?

Con carácter xeral, as **finanzas** son o conxunto dos recursos económicos dun organismo, entidade etc. En concreto, as finanzas fan referencia a unha área da economía que estuda a obtención e administración dos recursos financeiros, é dicir, como os axentes económicos (empresas, familias ou Estado) deben tomar decisións de investimento, aforro e gasto en condicións de incerteza.

En base á súa definición, as finanzas poden **clasificarse** en:

Finanzas empresariais

Actividades de financiamento e investimento dos recursos no ámbito corporativo.

Exemplos: financiamento a clientes e de provedores, avaliación dunha liña de negocio, reparto de dividendos...

Finanzas persoais

Operacións de financiamento e aplicación de recursos propios das persoas físicas.

Exemplos: plans de aforro, plans de pensións, fondos de investimento, financiamento de bens (vivenda...)

Finanzas públicas

Xestión financeira dos diferentes organismos que configuran o Estado.

Exemplos: recadación de impostos, xestión do gasto público...

Finanzas internacionais

Transaccións financeiras entre varias nacións.

Exemplos: investimento en capital estranxeiro, operacións cambiarias...

Como consecuencia os coñecementos financeiros poden aplicarse tanto no ámbito público coma no privado. E, a nivel profesional, poden utilizarse tanto en entidades con como sen ánimo de lucro, área financeira ou non financeira: recursos humanos, produción...

Pese a que os principios e métodos financeiros a aplicar son independentes da casuística¹, sempre que se teñan en conta as peculiaridades en canto ao proceso de toma de decisións, cotización e cuestións contables e fiscais, esta e as seguintes unidades didácticas céntrase nas sociedades anónimas. Entidades nas que existe unha clara diferenciación propiedade-xestión e prima a maximización do valor da compañía.

2. Conceptos de investimento e financiamento

Un **investimento** fai referencia ao acto de renunciar a unha satisfacción inmediata e certa a cambio dunha expectativa de beneficio futura. Isto supón a inmovilización de fondos no presente fronte á esperanza duns maiores rendementos no futuro.

En toda operación de investimento participan os seguintes **elementos**: suxeito investidor, obxecto do investimento, prazo (horizonte temporal), contía (fondos comprometidos), resultados do investimento e risco asumido (binomio rendemento-risco).

Á súa vez, as operacións de investimento poden **clasificarse** en:

- empresariais ou persoais, dende a natureza do suxeito investidor
- investimento financeiros ou económicas, dende o punto de vista xurídico
- curto, medio ou longo prazo, dende a duración do horizonte temporal

¹ Empresarios e empresarias individuais, cooperativas, sociedades anónimas, sociedades limitadas, sociedades colectivas

Unha operación de **financiamento** consiste en conseguir o diñeiro ou recursos financeiros que a empresa necesita para acometer os investimentos e realizar as súas operacións (Brealey, Marcus, & Myers, 2007). Polo tanto, investimento e financiamento son as dúas caras dunha moeda.

As operacións de financiamento poden **clasificarse** en:


- propio (capital social, beneficios retidos) ou alleo (préstamo, liña de crédito, leasing, factoring), segundo a natureza dos recursos
- curto, medio ou longo prazo, dende a duración do horizonte temporal

3. As grandes áreas das finanzas

O ámbito de estudo de las finanzas abarca tanto a *valoración* de activos como a *análise das decisións financeiras* tendentes a crear valor. A correlación existente entre a análise da decisión a tomar e a valoración vén dada dende o momento en que un activo calquera só debería ser adquirido se se cumpre que o seu valor é superior ao seu custo (condición necesaria pero non suficiente), tal e como recolle Mascareñas nas súas monografías sobre finanzas corporativas.

Baixo o concepto das *finanzas* diferéncianse tres grandes áreas, cada unha das cales fai referencia á mesma serie de transaccións, pero analizadas dende diferentes puntos de vista (figura 1).

Figura 1: O ámbito de estudo das finanzas




Fonte: Mascareñas, J. (2018). Monografías de Juan Mascareñas sobre finanzas corporativas

- Finanzas corporativas: análise dos procesos de captación de recursos financeiros escasos e a súa asignación eficiente a proxectos actuais e futuros, sendo a creación de valor a guía que orienta a toma de decisións. Estas poden ser decisións de investimento, de financiamento ou directivas. Á súa vez, pola distinta natureza dos criterios de decisión e obxectivos perseguidos, diferénciase entre finanzas estruturais (decisións a medio e longo prazo) e operativas (decisións a curto prazo que inflúen no ciclo de explotación da entidade).
Exemplos: substitución de equipos, emisión de accións e obrigacións, análise do endebedamento...
- Investimento financeiro: estudo das transaccións financeiras dende o punto de vista dos investidores, é dicir, da outra parte da transacción, que é a que adquire os activos financeiros emitidos polas empresas para financiarse (Mascareñas, Introducción a las finanzas corporativas, 2018).
Exemplos: valoración de accións e bonos, selección de activos financeiros para rendibilizar o capital, emprego de derivados para cobertura de risco...
- Mercados financeiros e Intermediarios: tratan das decisións de financiación da empresa, pero dende o punto de vista dun terceiro (observador independente). Mentres que os mercados financeiros nos que se producen as operacións de compra e venda dos activos financeiros, os intermediarios son os encargados de canalizalas (axencias e sociedades de valores e bolsa, bancos, fondos de investimentos, etc.). (Mascareñas, Introducción a las finanzas corporativas, 2018)

4. Decisións financeiras das empresas

O obxectivo do equipo directivo dunha empresa debe ser a *máxima creación de valor posible*, é dicir, que a compañía valla cada vez máis. A taxación da empresa (figura 2) vén representada polo valor de mercado do seu activo; que, como é lóxico, debe ser igual ao valor de mercado do seu PN e pasivo (Mascareñas, Introducción a las finanzas corporativas, 2018).

Figura 2: O balance de situación das entidades




Fonte: elaboración propia

En condicións normais, o valor de mercado do endebedamento oscilará próximo ao seu valor contable; polo tanto, parece lóxico pensar que a creación de valor na empresa se reflectirá no aumento de valor de mercado do seu patrimonio neto. Este depende das decisións de investimento, financiación e reparto de dividendos. Como conseguinte, tamén se pode dicir que o principal obxectivo da xestión empresarial é a maximización do valor da compañía para os seus propietarios (Mascareñas, Introducción a las finanzas corporativas, 2018).

En entidades cotizadas, o prezo da acción é o que permite ver o cumprimento deste obxectivo. En entidades non cotizadas, non existe un valor de mercado visible, pero iso non significa que non exista un valor de mercado que se queira maximizar.

Concretando, este obxectivo proporciona ao consello de administración, ao equipo directivo e aos responsables da xestión empresarial, unha directriz clara, que facilita a adopción de decisións (figura 3) e a avaliación posterior do seu labor. Ademais, favorece a formación de capital e a máis correcta asignación de recursos, acompasa o deseño da organización aos incentivos e riscos de todas as partes implicadas... (Mascareñas, Introducción a las finanzas corporativas, 2018).

Figura 3: A adopción de decisións



Fonte: elaboración propia

A relación entre as decisións financeiras e a valoración da empresa para os seus accionistas, dependerá das variables rendibilidade e risco:

- Decisión de investimento: configurar unha estrutura económica que produza a maior rendibilidade posible. É dicir, sopesar os custos e resultados de cada investimento, constituíndose como a decisión máis importante no que a creación de valor se refire (un investimento equivocado non crea valor).
- Decisión de financiamento: configurar unha estrutura financeira que origine o menor custo posible. Para iso, requírese un método de análise que permita a combinación óptima de medios financeiros (equilibrio entre unha política de autofinanciamento adecuada e o mantemento da atención dos investidores).

5. Decisións financeiras dos individuos

Os individuos, ao igual que as entidades, enfróntanse a unha serie de decisións: consumo/aforro, administración do risco (cando e como aumentar o risco ou reducir a incerteza), investimento /financiamento...

Centrándose nestas últimas, o individuo pode atoparse ante encrucilladas de investimento como contratar un plan de pensións ou un seguro (de vida, de fogar...), abrir ou non unha conta de aforro, comprar accións ou letras do tesouro... No referente ás decisións de financiamento, o dilema pode estar en solicitar ou non un préstamo hipotecario ou unha liña de crédito, facer uso ou non dunha tarxeta de crédito, adquirir un coche a prazos ou ao contado...

As decisións neste eido, deberían conducir a unha saúde financeira óptima dende o punto de vista de cada individuo (subxectividade). Isto é así xa que a **saúde financeira** fai referencia á xestión eficiente dos recursos con perspectiva temporal; é dicir, á capacidade de optimizar recursos escasos que permitan acadar metas a longo prazo. Para iso, é preciso:

- Construír un «colchón financeiro»
- Sopesar os riscos de endebedarse (evitar «chiringuitos financeiros»)
- Non gastar sistematicamente máis do que se pode asumir
- Pensar a longo prazo

6. As operacións financeiras. Definición, elementos e clasificación

Toda operación que consista en substituír un capital ou conxunto de capitais financeiros por outro ou outros, en distintos momentos do tempo, mediante un determinado acordo financeiro entre as partes recibe o nome de **operación financeira** (Ximénez, Fernández, Otero, Piñeiro, & Lalinde, 2000).

Pero, que é un **capital financeiro**? A medida dun ben económico expresada en unidades monetarias e referida a determinado momento do tempo (Ct, t).

En toda operación financeira poden atoparse os seguintes **elementos** ou variables fundamentais, dándose a equivalencia entre capitais:


- partes interveñen na operación: suxeito activo (prestamista) e suxeito pasivo (prestameiro)
- capital ou capitais que se intercambian, que sempre serán positivos (Ct): prestación e contraprestación
- horizonte temporal ou duración da operación (t) e taxa de xuro (i)

As operacións financeiras poden **clasificarse** en:

- curto, medio ou longo prazo, dende a duración do horizonte temporal
- certas (todos os capitais que se intercambian son coñecidos en contía e vencemento) e aleatorias ou continxentes (existe un ou varios elementos descoñecidos), atendendo á natureza das operacións
- operación de capitalización ou de desconto, en base á lei financeira aplicada (ver unidade didáctica IX)


- simples (cando se substitúe un capital por outro equivalente) ou compostas (cando un capital se substitúe por un conxunto de termos), segundo os capitais que se intercambian. Á súa vez, as operacións compostas poden clasificarse en: operacións de amortización, de constitución ou dobremente compostas (figuras 4, 5 e 6).

Figura 4: Operación financeira composta de amortización




Fonte: XIMÉNEZ, S. et al. (2000). Análisis y cálculo de las operaciones financieras

Figura 5: Operación financeira composta de constitución



Fonte: XIMÉNEZ, S. et al. (2000). Análisis y cálculo de las operaciones financieras

Figura 6: Operación financeira dobremente composta



Fonte: XIMÉNEZ, S. et al. (2000). Análisis y cálculo de las operaciones financieras

7. Os principios financeiros fundamentais

Os principios (táboa 1) que, directa ou indirectamente, determinan as decisións con-
ducentes a unha xestión financeira eficiente e permiten comprender as finanzas son
doce (Mascareñas, Principios de finanzas, 2018).

Táboa 1: Principios das finanzas

Ambiente económico competitivo	Valor e eficiencia económica	Transaccións financeiras
Comportamento financeiro egoísta	Ideas valiosas	Binomio rendemento-risco
As dúas caras da transacción	A vantaxe comparativa	A diversificación
Sinalización	Valor da opción	Eficiencia do mercado de capitais
A conduta financeira	O fluxo de caixa incremental	O valor temporal do diñeiro

Fonte: Mascareñas, J. (2018). Monografías de Juan Mascareñas sobre finanzas corporativas

7.1 Comportamento financeiro egoísta

Dende o punto de vista económico, as persoas actúan racionalmente. Isto é, buscan o seu propio interese financeiro perseguindo obter o máximo beneficio posible (Mascareñas, Principios de finanzas, 2018).

7.2 As dúas caras da transacción

En toda transacción financeira existen, cando menos, dúas partes (comprador e vendedor). Cando as operacións teñen lugar, xeralmente, é debido a unha diferenza nas expectativas sobre o comportamento futuro do prezo dun activo. Así, o comprador agarda que o prezo do activo aumente mentres que o vendedor considera a situación contraria dando lugar a un *xogo de suma cero* (Mascareñas, Principios de finanzas, 2018).

7.3 Sinalización

Calquera acción financeira (distribución de dividendos, ampliación de capital...) implica unha transmisión de información. A importancia da sinalización descansa na *asimetría da información*, é dicir, unhas persoas dispoñen dunha información da que carece o resto do mercado (Mascareñas, Principios de finanzas, 2018).

7.4 A conduta financeira

Ante a carencia de ideas para solucionar un problema financeiro, o individuo ou entidade actúa do mesmo modo que o resto do mercado. Este principio aplícase, basicamente, en dúas situacións: coñecemento limitado da situación e/ou información pouco accesible para a toma de decisións.

7.5 Ideas valiosas

As ideas rendibles poden darse tanto no mercado de activos reais como no mercado financeiro. Se ben para que unha idea sexa realmente valiosa é necesario crear unhas *barreiras de entrada* fronte á competencia. Polo tanto, para que unha idea poida ser cualificada como valiosa ten que materializarse, contar cunha elevada demanda no mercado e ser difícil de replicar polos posibles competidores.

7.6 A vantaxe comparativa

Este principio é a base tanto do comercio internacional como do sistema económico. Cada país produce os bens e servizos que pode realizar máis eficientemente. Se o replicásemos aos individuos, cada persoa faría aquilo que mellor se lle dá xerando o que se coñece como especialización ou eficiencia económica (Mascareñas, Principios de finanzas, 2018).

7.7 Valor da opción

Unha opción é un dereito para facer algo durante un tempo determinado. O propietario da mesma (comprador) pode requirir ao emisor (vendedor) a realización das transaccións especificadas no contrato de opción, a cambio dun prezo. Polo tanto, unha opción soamente pode ter valor positivo ou nulo (Mascareñas, Principios de finanzas, 2018).

7.8 O fluxo de caixa incremental

As decisións financeiras fundaméntanse nos fluxos de caixa incrementais. É dicir, o valor de optar por unha alternativa ven determinado pola variación que exercerá no resultado futuro (resultado con opción fronte a resultado sen opción).

Os fluxos veñen determinados pola diferenza os cobros e os pagos acaecidos nun horizonte temporal concreto, non polos ingresos e gastos (beneficio contable).

7.9 Binomio rendemento-risco

Existe unha relación inversa entre o rendemento e o risco, que fai imposible conseguir simultaneamente o maior rendemento e o menor risco. Se unha persoa quere conseguir grandes beneficios, debe correr o risco de lograr grandes perdas (Mascareñas, Principios de finanzas, 2018).

7.10 A diversificación

Un individuo investidor prudente non inviste toda a súa riqueza nun único negocio, posto que se fracasa perderá todo o investido. Pero se divide o investimento entre varios elementos só perde toda a súa riqueza se todos eles fallan (pouco probable). En todo caso, a diversificación permite reducir o risco pero non eliminalo.

7.11 Eficiencia do mercado de capitais

Os mercados de capitais son, por definición, eficientes (o prezo dos activos financeiros reflicten toda a información dispoñible e axústanse a un tempo coas novidades).

Se existisen diferenzas entre os prezos dun mesmo activo en dous mercados distintos, as persoas investidoras beneficiaríanse da situación mediante o proceso de *arbitraje*: comprar no mercado con menor prezo e vender no mercado con maior prezo ata igualar ambos. No estudo das finanzas suponse que os mercados son perfectos, co obxecto de construír un modelo de decisión (Mascareñas, Principios de finanzas, 2018).

7.12 O valor temporal do diñeiro

O valor do diñeiro no tempo é a linguaxe básica das finanzas. Sen este principio, a maior parte das finanzas non tería sentido. Na súa versión máis básica, o valor temporal do diñeiro é o custo de oportunidade de recibir xuros nun investimento con risco baixo.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Ao inicio da sesión expositiva, a persoa docente propoñerá un xogo didáctico con *Kahoot* para coñecer a cultura financeira dos asistentes e posteriormente dar paso á explicación completa de contidos con participación activa non avaliable (entrega de pequenos supostos clasificables).

As actividades avaliábeis realizaranse na sesión interactiva e pasarán por:

- Buscar e comentar brevemente, con exposición individual, as principais fontes de financiamento e destino dunha entidade de interese persoal. Duración total da actividade: 30 minutos (10 minutos de busca autónoma e 20 minutos de exposición; cun máximo de dous minutos por asistente).
- Buscar e comentar, con exposición grupal, os principais produtos financeiros ofertados por entidades bancarias (similitudes, diferenzas, vantaxes e inconvenientes). Duración total da actividade: 30 minutos (15 minutos de procura autónoma e 15 minutos de exposición; cun máximo de tres minutos e medio por grupo).

A resolución de actividades, tanto en grupo grande como reducido, require o uso de material TIC propio (teléfono móbil, ordenador, tableta...). Este é necesario tanto para a procura de datos como para asistir na exposición de información.

AVALIACIÓN

Dado que a cualificación final desta disciplina se compón nun 60 % da proba teórico-práctica final e nun 40 % da avaliación continua, esta unidade didáctica terá os seguintes pesos:

- 5 % sobre o exame final (avaliábeis mediante preguntas tipo test relativas a esta UD), con modelo de corrección de exame.
- 4,5 % sobre a avaliación continua, mediante a participación nas actividades propostas; xa que dous dos catro puntos se reservan á entrega dun traballo grupal con criterios de puntuación á marxe desta unidade didáctica e modelo de corrección de rúbrica.

BIBLIOGRAFÍA

- BREALEY, R., MARCUS, A., & MYERS, S. (2007). *Fundamentos de finanzas corporativas*. McGraw-Hill.
- MASCAREÑAS, J. (2018). Introducción a las finanzas corporativas. *Monografías de Juan Mascareñas sobre Finanzas Corporativas nº 01*. Obtido de https://papers.ssrn.com/sol3/papers.cfm?abstract_id=2313264
- MASCAREÑAS, J. (2018). Principios de finanzas. *Monografías de Juan Mascareñas sobre Finanzas Corporativas nº 02*. Obtido de https://papers.ssrn.com/sol3/papers.cfm?abstract_id=2313282
- XIMÉNEZ, S., FERNÁNDEZ, S., OTERO, L., PIÑEIRO, J., & LALINDE, S. (2000). *Análisis y cálculo de las operaciones financieras*. Andavira.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA